

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DUN SERVICIO DE PRODUCCIÓN, APERTURA E VIXIANCIA PARA A EXECUCIÓN DE ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES NO AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE ASÍ COMO DOS SERVIZOS DE PRODUCCIÓN NO MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO (MIHL) E DE ACTIVIDADES NA RÚA E OUTROS LUGARES ORGANIZADOS POLA CONCELLERÍA DE CULTURA DO CONCELLO DE LUGO.

Sendo as 13:00 horas do día 30 de xaneiro de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla, 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Ilma Sra Tenenta de Alcalde delegada da área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación dona Sonia Méndez García actuando como vocais dona Paz Abreira Sobrado, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Ángel Trabada Gómez, polo Grupo Municipal do Partido Popular, dona Esther Muñoz Mella polo Grupo Municipal do Partido Socialista, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor Xeral do Concello, dona Ana Sáez Mancebo letrada da Asesoría Xurídica e actuando como Secretaria dona Ana Tabarés Martínez técnico de administración xeral do servizo de contratación, patrimonio e fomento

Asisten ó acto tamén dona Sonia Fernández, en representación da empresa: LUZSONGA, S.L., don David Melero en representación da empresa LUZ PUNTUAL, S.L., don Ángel Modia en representación da empresa ESCOITAME PRODUCCIÓN, S.C., don Antonio Reija en representación da empresa NALGURES PRODUCCIÓN e don Ignacio Crecente, representante da empresa ALENTI, SOLUCIONES PARA EVENTOS, S.L.

En relación coa cuestión formulada por don Antonio Reija na xuntanza da Mesa de Contratación de data 23 de xaneiro de 2014 de que procedía un recálculo de temeridade -excluíndo a oferta da empresa ESCOITAME PRODUCCIÓN S.C- de xeito que as empresas ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS e LUZ PUNTUAL estarían tamén en baixa temeraria para o prezo ofertado no tipo D, se presentou un escrito en data 24 de xaneiro manifestando que cando se referiu á empresa LUZPUNTUAL en situación de temeridade se refería en realidade á empresa LUZ PUNTUAL.

Sobre a cuestión informase que trala admisión ou exclusión dos licitadores ó procedemento se procede ó cálculo do importe que "dá lugar a temeridade". Nese momento é cando se solicitan –no trámite de audiencia- as xustificacións oportunas ós licitadores incurso en temeridade e en vista do resultado a Mesa propón a aceptación o rexeitamento para ao final realizar o cálculo final das puntuacións excluíndo as non admitidas por non terse aceptado a súa xustificación, como así o argumenta un informe da Abogacía do Estado e así se manifestou no seu día polo representante da empresa LUZ PUNTUAL.

CONTRATACIÓN

MLA

Refª: ACTA MESA 30 XANEIRO 2014

Asunto:

Deste xeito a puntuación total, unha vez excluída a mercantil ESCOITAME PRODUCCIÓN S.C , quedaría do seguinte xeito:

- ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS S.L.U: 9,17 puntos

-LUZSONGA S.L. 8,09 puntos

-LUIS FRAGIO RODRIGUEZ: 5,32 puntos

- LUZ PUNTUAL: 3,16 puntos

Intervén David Melero , representante de LUZ PUNTUAL, manifestando que non se contestaron as alegacións presentadas. Asimesmo dona Sonia Fernandez representante de LUZSONGA manifesta que tampouco se contestaron as súas alegacións. As alegacións foron tidas en conta no procedemento e de feito foi considerada a empresa ALENTI en baixa temeraria tramitando o procedemento conforme a Lei e excluíndo neste momento da puntuación final ás empresas que non xustificaron a baixa temeraria. O expediente estivo a disposición dos licitadores e de feito algún solicitou copia del.

Por outra banda dona Sonia Fernández manifesta que presentou o 29 de xaneiro un escrito no que, en base a unha serie de consideracións, solicita que se acorde a non xustificación da baixa presentada por ALENTI e que se propoña a adxudicación a favor de LUZSONGA.

Sobre este particular indícase que é a Mesa quen, trala xustificación do licitador e previo asesoramento técnico do servizo, debe decidir sobre a aceptación ou rexeitamento da oferta incurso en temeridade.

O representante de LUZ PUNTUAL,o representante de ESCOITAME e o representante de LUZSONGA reiteran que non se contestaron as súas alegacións. A presidenta da Mesa indica que xa se deron as explicacións oportunas e que procede continuar el procedemento.

En consecuencia a mesa de contratación acorda, coa abstención dos representantes do Grupo Municipal do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, propoñer a adxudicación do contrato á mercantil ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS S.L

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Ana Tabarés Martínez